I CARREIRA DAS EMPRESAS
SANTIAGO DE COMPOSTELA 2026

Santiago en Vivo, Asociación sen ánimo de lucro, e a Federación Galega de Atletismo, organizarán o sábado 5 de decembro de 2026, a partir das 10.30 horas a **I Carreira das Empresas Santiago de Compostela** 2026.

A proba terá carácter solidario e o 50% da recadación das inscricións destinarase a **ACEM - ASOCIACIÓN COMPOSTELÁ DE ESCLEROSE MÚLTIPLE, PÁRKINSON, ELA, outras enfermidades neurodexenerativas e enfermidades raras.**

O evento constará dunha **Carreira das Empresas COMPETITIVA e dunha Andaina Inclusiva ACEM NON COMPETITIVA ambas de 5 km.**

A saída e a meta estarán situadas en **Compostela Golf (https://share.google/S0T5UOVSsPi3EetbT), xunto ao Km 0 da Vía Verde de Santiago de Compostela**. A Carreira das Empresas desenvolverase sobre un percorrido de 5 km pola Vía Verde.

A proba nace coa intención de impulsar a participación das empresas galegas, promover hábitos de vida saudables e contribuír á difusión e posta en valor da Vía Verde de Santiago.

A inscrición na Carreira das Empresas realizarase de maneira individual. As persoas participantes poderán representar unha empresa, agrupación empresarial, asociación ou entidade deportiva, cultural ou social, indicando a súa denominación no formulario de inscrición.

A Andaina Inclusiva ACEM estará aberta a participación de todas as persoas, con independencia da súa vinculación cunha empresa ou entidade.

As probas estarán baixo o control técnico do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo e rexeranse polo seguinte:

REGULAMENTO:

1.- Horario

HORA	PROBA
10.30 h	I Carreira das Empresas - 5 km - Competitiva
11:15 h	**ENTREGA DE PREMIOS CARREIRA (Lugar de Meta)**
11.35 h	Andaina Inclusiva ACEM – 5 km – Non Competitiva

2.- Participantes e inscricións

As inscricións realizaranse a través da páxina web da Federación Galega de Atletismo **www.carreirasgalegas.com**.

Os prazos e cotas de inscrición serán os seguintes:

- I Carreira das Empresas: **8 €**
- Andaina Inclusiva ACEM: **8 €**
- DORSAL 0: recadación solidaria voluntaria destinada na súa totalidade a ACEM.

PRAZO DE INSCRICIÓN: Ata o **2 de decembro ás 23:59 horas.**

Deberán indicar a talla de camiseta (agasallo do participante) no momento da inscrición.

A **Carreira das Empresas de 5 km** estará destinada a participantes con 16 anos cumpridos o día da proba.

A **Andaina Inclusiva ACEM de 5 km** estará dirixida a todas as persoas que desexen participar, sen límite mínimo de idade. Terá un carácter **NON COMPETITIVO**. Os menores deberán obrigatoriamente ir acompañados dun adulto.

3.- Lugar de saída e meta das probas e data de celebración.

A saída e a meta das dúas modalidades estarán situadas en:

COMPOSTELA GOLF – KM 0 VÍA VERDE SANTIAGO

Ubicación → **https://share.google/S0T5UOVSsPi3EetbT**

A **Carreira das Empresas** desenvolverase sobre un percorrido de aproximadamente 5 km pola Vía Verde.

A **Andaina Inclusiva ACEM** terá o mesmo percorrido que a carreira, con saída e chegada no mesmo ámbito de Compostela Golf.

4.- Categorías e clasificacións.

Co obxectivo de simplificar a competición e adaptala ao carácter empresarial da proba, estableceranse as seguintes clasificacións:

Clasificación individual:

- Absoluta feminina;
- Absoluta masculina.

Clasificación por empresas ou entidades:

Establecerase unha clasificación específica para as empresas, asociacións ou entidades participantes non deportivas.

A súa vez, establecerase unha clasificación específica para clubs federados.

Para poder optar a estas clasificacións, todos os integrantes deberán inscribirse utilizando **exactamente a mesma denominación da empresa, entidade ou club** no formulario de inscrición.

A clasificación realizarase mediante a suma dos postos acadados polas **tres persoas mellor clasificadas de cada empresa, entidade ou club.**

Resultará gañadora a empresa, entidade ou club que obteña a menor puntuación total.

Para figurar nesta clasificación será necesario contar cun mínimo de **tres participantes chegados a meta.**

5.- Trofeos e agasallos

Todos/as os/as participantes recibirán coa recollida do dorsal un **pack de benvida**, que incluirá a camiseta oficial da proba.

Na Carreira das Empresas de 5 km outorgaranse trofeos a:

- As tres primeiras clasificadas da categoría absoluta feminina.
- Os tres primeiros clasificados da categoría absoluta masculina.
- As **tres primeiras empresas ou entidades clasificadas**.
- Aos tres primeiros clubs federados.

A Andaina Inclusiva ACEM terá carácter **NON COMPETITIVO**, polo que non contará con clasificación nin premios.

6.- Entrega de premios

A entrega de premios da Carreira terá lugar a partir das 11:15 h na zona de meta situada en:

COMPOSTELA GOLF – KM 0 VÍA VERDE SANTIAGO

Ubicación → https://share.google/S0T5UOVSsPi3EetbT

7.- Avituallamento

Haberá servizo de avituallamento líquido e sólido na zona de meta, coa colaboración de Veolia e Gadisa.

8.- Entrega de dorsais

A entrega de dorsais realizarase **exclusivamente o día da proba** en **Compostela Golf**, a partir das **08.30 horas** e ata 30 minutos antes do inicio de cada proba.

9.- Circuíto

A I Carreira das Empresas e a Andaina Solidaria desenvolveranse sobre un circuíto en ruta de aproximadamente 5 km pola **Vía Verde**, que poderá transcorrer por camiños de terra, zonas de asfalto e sendeiros propios do percorrido.

10.- Outras consideracións regulamentarias

Todo o non recollido no presente regulamento rexerase pola normativa de probas en ruta da **Federación Galega de Atletismo e da Real Federación Española de Atletismo** en vigor. A Organización resérvase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento.

A participación na proba suporá a total aceptación do presente Regulamento. Queda totalmente prohibido participar na proba sen estar previamente inscrito.

RESPONSABILIDADE

A organización non se fará responsable dos danos que puidesen causar ou causarse os participantes por imprudencias ou neglixencias destes. Igualmente, cada participante declara baixo a súa responsabilidade atoparse en condicións físicas adecuadas para realizar a proba. A organización disporá dun **Seguro de Accidentes Deportivos e de Responsabilidade Civil** que cubrirá as incidencias inherentes á celebración da proba.

PROTECCIÓN DE DATOS E DEREITOS DE IMAXE

Todos/as os/as participantes, ao realizar a inscrición, aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

Así mesmo, autorizan a gravación de imaxes, fotografías e vídeo para a difusión e promoción da proba por parte de **Santiago en Vivo**, asociación sen ánimo de lucro, da **Deputación Provincial da Coruña** e da **Federación Galega de Atletismo**.

Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo. Mediante a súa inscrición, o/a participante consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos á Federación Galega de Atletismo para a tramitación dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como para a xestión da licenza de día e demais cuestións relacionadas coa participación na proba. O tratamento dos datos realizarase conforme á normativa vixente en materia de protección de datos.